

CONVOCATORIA DO ANO 2022 PARA A ASIGNACIÓN DE PRAZAS DE PROMOCIÓN DE CATEDRÁTICO/A DE UNIVERSIDADE POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC)

Unha vez aprobada no Consello de Goberno do 25 de maio de 2022 a Oferta de Emprego Público de PDI para o ano 2022, na que figuran 50 prazas de catedrático/a de Universidade pola quenda de promoción interna, e ao abeiro do acordo do Consello de Goberno do 10 de xullo de 2018, polo que se aproba o Regulamento para a asignación de prazas de catedrático/a de Universidade pola quenda de promoción interna na USC (en diante Regulamento), e dos acordos do Consello de Goberno de 8 de abril de 2019 e de 25 de maio de 2022, polos que se modifica parcialmente o dito Regulamento, resolvo abrir a convocatoria para a asignación das citadas prazas a áreas de coñecemento.

1. Obxecto

O obxecto desta convocatoria é a asignación de 50 prazas de catedrático/a de universidade a áreas de coñecemento que contén, na Universidade de Santiago de Compostela, con profesorado acreditado para este corpo docente.

2. Requisitos das persoas participantes

Poderán concorrer a esta convocatoria os departamentos cuxas áreas de coñecemento contén con profesorado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Ser funcionario do corpo docente de Profesor/a Titular de Universidade ou do de Catedrático/a de Escola Universitaria, estar en situación de servizo activo ou naquelas outras situacións administrativas que signifiquen o dereito á reserva de posto na USC e ter prestado, como mínimo, dous anos de servizos efectivos na dita categoría e condicións.
- b) Estar acreditado ao corpo de Catedrático/a de Universidade.
- c) Non cumprir a idade de xubilación forzosa no ano da convocatoria de asignación de cátedras.
- d) Non ter xerado unha praza de promoción interna a catedrático/a de universidade nas dúas últimas convocatorias resoltas.
- e) Non ter sido sancionado mediante expediente disciplinario na USC, nin condenado por sentenza xudicial no ámbito penal por delitos e faltas relacionados coa súa actividade profesional ou con violencia de xénero. Non serán tidas en conta aquelas sancións que estean prescritas ou foran canceladas.
- f) Non pertencer a unha área de coñecemento á que lle sexa de aplicación o disposto no artigo 8, parágrafo terceiro, do Regulamento.

3. Tramitación das solicitudes e documentación

3.1. Novas solicitudes

1. O/A profesor/a que desexe participar no proceso de asignación de cátedras e non o tivera feito na convocatoria do ano 2021 deberá manifestar diante do seu departamento o seu interese en facelo. Para iso deberá cubrir e presentar no Departamento o formulario de **“Expresión de interese do/a profesor/a acreditado/a a Catedrático/a de Universidade”**.

No caso de que a acreditación ao corpo de Catedrático/a de Universidade conste xa nos arquivos da USC, o/a profesor/a interesado/a simplemente deberá marcar no formulario o recadro correspondente. Se, pola contra, a acreditación non consta nos arquivos da USC, o/a profesor/a acreditado/a deberá achegar a acreditación xunto coa solicitude. No caso de que a acreditación non estea compulsada ou cotexada no Servizo de Planificación de PDI, soamente terá efectos na presente convocatoria e non se achegará ese documento ao arquivo de Xestión de Persoal da USC.

2. Os/as directores/as dos Departamentos trasladarán ao Consello de Departamento as expresións de interese para que este adopte o correspondente acordo e solicite a asignación de prazas de Catedrático/a de Universidade ás áreas de coñecemento a que pertencen os/as profesores/as interesados/as.

Os formularios que cumprimentará e presentará o Departamento son os seguintes:

a) **“Certificación do Consello de Departamento”**, na que se recollerá a relación do profesorado acreditado que manifestou o seu interese en participar na convocatoria, así como a data de celebración do Consello de Departamento en que se aprobaron as solicitudes de asignación de cátedra.

b) **“Solicitude de asignación de praza e de convocatoria de concurso de persoal docente funcionario do corpo de Catedráticos de Universidade pola quenda de promoción interna”**, na que se deberá indicar, se é o caso, o perfil de cada unha das prazas solicitadas, así como o nome e categoría dos profesores/as que expresaron o seu interese en participar no proceso de promoción.

3. Os departamentos serán responsables de presentar a través do Rexistro Electrónico (Sede Electrónica) os tres formularios debidamente cumprimentados e, de ser o caso, a copia da credencial de acreditación.

Na páxina web do Servizo de Planificación de PDI están dispoñibles todos os formularios necesarios para este procedemento <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PDI/CatedrasTitularidades/formularios>

3.2. Solicitudes presentadas na convocatoria de asignación do ano 2021

1. O profesorado acreditado a catedrático/a de universidade que manifestou o seu desexo de participación no proceso de asignación na convocatoria do ano 2021 non terá que presentar unha nova expresión de interese e será tido en conta nesta convocatoria, sempre e cando non manifeste expresamente, a través da presentación do formulario correspondente (*Oposición expresa á participación no proceso de asignación de cátedras*), a súa vontade en sentido contrario. A relación de solicitudes presentadas e tidas en conta na convocatoria de asignación de 2021 pódese consultar na páxina web do Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador <https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/8BpWDFX-qBiRJK9TmN-9OZnQ3S2ZEhL1z9WDoNE3SpQ/1646151643/public/paragraphs/links/2022-03/Proposta-de-asignacion-Catedras-2021.pdf> asinado.pdf

Non obstante o anterior, a expresión de interese formulada na convocatoria de 2021 non se terá en conta no caso de que a persoa interesada incumpra algún dos requisitos establecidos no apartado 2.

2. O departamento correspondente non terá que reiterar as solicitudes correspondentes ás expresións de interese formuladas no marco da convocatoria de 2021.

4. Presentación de solicitudes

As solicitudes de asignación debidamente cumprimentadas, xunto co resto da documentación sinalada no apartado 3, deberán ser presentadas polos departamentos ata o día 30 de setembro de 2022 a través do Rexistro Electrónico (Sede Electrónica).

A presentación das solicitudes fóra dos prazos e procedementos sinalados implicará a non admisión a trámite das solicitudes, o que significará non participar no proceso de asignación de cátedras.

5. Proposta de asignación

1. As solicitudes presentadas serán ordenadas de acordo coa data de resolución de acreditación ao corpo de catedrático/a de universidade, da data máis antiga á máis recente.

2. No caso de que o número de solicitudes sexa igual ou inferior ao de prazas ofertadas, estas asignaranse ás áreas de coñecemento solicitadas.

3. No caso de haber máis solicitudes que prazas procederase a realizar a asignación atendendo ao criterio de antigüidade na acreditación ao corpo de catedrático de universidade. Non obstante, reservárase un 5% do total de prazas ofertadas para posibilitar a promoción do profesorado que, levando acreditado un mínimo de cinco anos con anterioridade á data da convocatoria, se xubile forzosamente no ano inmediatamente posterior ao desta. De non existiren candidatos á promoción en que concorran estas circunstancias, as prazas reservadas engadiranse á oferta xeral, conforme se establece no artigo 5 do Regulamento.

Os casos de empate resolveranse segundo os principios de antigüidade e prelación do PDI recollidos na Normativa sobre prelación de categorías e determinación da antigüidade para efectos internos na USC, aprobada por Consello de Goberno do 29 de xuño de 2022.

6. Lista provisoria e reclamacións

A Vicerreitoría de Profesorado fará pública a relación ordenada das solicitudes presentadas, con indicación das áreas ás que se asigna praza, e abrirá un prazo para examinar a documentación e presentar, de ser o caso, as oportunas alegacións, que serán resoltas pola citada Vicerreitoría antes da aprobación definitiva da asignación polo Consello de Goberno.

7. Asignación definitiva e creación de prazas de catedrático/a de universidade

Á vista da proposta da Vicerreitoría de Profesorado, o Consello de Goberno, co informe previo da Comisión de Organización Académica e Profesorado, aprobará as áreas de coñecemento e campus nos que se crean as prazas de catedrático/a de universidade, seguindo o procedemento establecido para a modificación da Relación de Postos de Traballo.

8. Condicións da asignación

1. O/a profesor/a que tome posesión da praza de catedrático/a de universidade creada non poderá solicitar un cambio de adscrición de campus nin a asignación temporal da súa docencia noutro campus diferente nun período de seis cursos académicos.
2. Unha vez resolto o concurso, a praza de profesor/a titular de universidade ou de catedrático/a de escola universitaria ocupada polo/a novo/a catedrático/a será amortizada.
3. Para o caso de que o proceso de promoción supuxera un aumento no número de efectivos da área de coñecemento, a citada área non poderá participar en ningunha convocatoria de asignación de cátedras por promoción interna durante os cinco anos seguintes.

9. Comisións de selección

Unha vez resolta a convocatoria de asignación de cátedras, os departamentos proporán á Vicerreitoría de Profesorado o/a presidente/a e o/a secretario/a da Comisión de Selección así como un dos vogais, xunto cos seus respectivos suplentes.

O Departamento achegará ademais unha proposta de 6 candidatas e 6 candidatos entre os que se elixirán por sorteo os dous vogais restantes da Comisión de Selección e os seus correspondentes suplentes. O sorteo destes dous vogais realizarase no Servizo de Planificación de PDI de xeito que a Comisión de Selección cumpra cos criterios establecidos de paridade e universidade de procedencia dos membros.

A proposta de membros da comisión de selección farase a través do formulario “Proposta de comisión de selección de PDI funcionario acreditado”, dispoñible na web do Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigación.

En todo caso, co obxecto de axilizar o proceso de configuración das Comisións de Seleccións dos concursos, os departamentos aos que pertencen as áreas de coñecemento ás que se lle asigne provisoriamente cátedra deberán achegar ao Servizo de Planificación de PDI a proposta de comisión correspondente ata o 30 de outubro de 2022.

O Consello de Goberno aprobará, co informe previo da COAP, a composición das comisións de selección.

Norma adicional

Facúltase o Vicerreitor de Profesorado para facer as interpretacións que sexan necesarias na posta en marcha e no desenvolvemento desta convocatoria.

Norma derradeira

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativo, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O reitor
P.D. (R.R. 21.04.2022– DOG 26.04.2022)
O vicerreitor de Profesorado
Ernesto González Seoane

Taboleiro electrónico da USC

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ERNESTO XOSE GONZALEZ SEOANE, VICERREITOR DE PROFESORADO,
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 06/09/2022 12:50:21.

CSV: 2374-FB12-4E74-8892